

# DEPARTAMENTO DE LINGUA INGLESA E ALEMÁ

## CRITERIOS XERAIS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

### 1.- Traballo diario

Co obxectivo de fomentar a constancia no traballo cada profesor poderá controlar as tarefas realizadas polo alumno sempre que o considere necesario, sen previo aviso, para avaliar ao alumnado. A cualificación destes controis formará parte da nota do **traballo diario** que será valorado segundo se especifica mais adiante.

### 2.- Probas escritas

As **probas** fixadas en cada avaliación deberán realizarse nas datas previstas, sendo precisa a xustificación documentada no caso de ausencia a dita proba. Se fose posible, comunicarse a ausencia con antelación, e de non poder ser así, o/a alumno/a deberá poñerse en contacto coa profesora tan pronto como se incorpore ó centro.

Farase como mínimo **UNHA** proba escrita por avaliación.

### 3.- Recuperación da materia suspensa

Dado o carácter progresivo da materia, non se farán exames de recuperación senón que ó obter un resultado positivo na cualificación da seguinte avaliación, automaticamente queda recuperada a anterior.

No que se refire á avaliación e cualificación da destreza ORAL, o profesor decidirá –en función do número de alumnos e das características dos mesmos- se realiza unha proba específica oral ademais de valorar a participación diaria nas actividades orais levadas a cabo na aula.

O auxiliar de conversa do centro fará diferentes tipos de actividades orais que serán tidas en conta á hora de calificar a destreza oral, a todos os niveis: participación, fluidez, pronunciación, uso do vocabulario específico, actitude ante o uso da lingua, etc.

En 2º de Bacharelato faranse prácticas de exames de tipo “Probas de acceso á Universidade” adaptando as condicións á realidade de dita proba tanto en tempo como en forma.

#### 4.- Copiar en exames

Se algún alumno copia nun exame, proba ou traballos non poderá volver repetilo, quedando suspensa a avaliación. Poderá recuperar a materia na seguinte avaliación. No caso de que sexa na última avaliación ou en setembro quedará suspensa.

#### 5.- Libros de lectura

Neste curso escolar, como no anterior, para fomentar o feito de ler na etapa da ESO usaranse as bibliotecas de aula dos fondos do Departamento coa finalidade de que sea o propio alumno o que de xeito voluntario elixa a lectura que máis lle interese dunha escolma levada a cabo polo seu profesor. A realización dun traballo sobre o mesmo en forma de Video Report – tamén de xeito voluntario- será tido en conta polo docente, podendo incrementar a nota final do alumno **ata nun 10%**. No nivel de primeiro de Bacharelato **é obrigatoria a lectura dun “graded reader”** que terá unha valoración na nota da avaliación **dun 10%**.

#### 6.- Abandono da materia

Dado que unha lingua é un todo integrado, aqueles alumnos que abandonen perden a posibilidade de que se lles faga nota media entre todas as probas feitas e as anotacións diarias realizadas polo profesorado. Polo tanto, a nota global da avaliación será Insuficiente, isto tamén é válido para a avaliación final de xuño e a extraordinaria de setembro.

Enténdese por abandono o feito de non realizar as tarefas sistemáticamente ou as probas específicas e non acadar en cada unha delas unha cualificación de máis de **DOUS sobre DEZ**.

#### 7.- Calificacións finais de xuño

Considerase que o alumno que acade un **cinco na terceira avaliación** tras a entrega do 80% dos traballos ou tarefas que deba presentar superará a materia por ser avaliación continua. Do mesmo xeito, o alumnado que non acade un cinco na terceira avaliación nen teña entregado un mínimo do 80% dos traballos de obrigado cumprimento suspenderá esta materia e deberá presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro. Todos os traballos solicitados así como a presentación de cadernos e exercicios do workbook deberán entregarse **na data establecida** polo profesor.

Nembargantes, **se un alumno deixa en branco as partes do exame adicadas ás destrezas de reading (comprensión lectora) e writing (expresión escrita)** ou non realiza as probas orais exixidas para cada nivel **non poderá acadar unha nota positiva na asignatura**.

## 8.- Probas de setembro

Na convocatoria de setembro só se terá en conta a nota dos exames extraordinarios. Os contidos mínimos se revisarán e clarificarán no último trimestre no caso de que a materia prevista non poida ser impartida na súa totalidade. Tódolos alumnos do mesmo nivel realizarán o mesmo exame independentemente do profesor que lles impartira clase. Por cuestións de espazo e tempo non se avaliarán nesta convocatoria nen a destreza oral nin a aural en ningún nivel. En 1º de Bacharelato avaliarase tamén o graded reader obrigatorio.

## 9.- Alumnado coa materia pendente

Aos alumnos coa materia de inglés pendente de cursos anteriores se lles aplicará o criterio de “**materia progresiva**” de tal xeito que aquel alumno que entregue todos os traballos e caderniños de reforzo e aprobe en xuño o curso actual se lle considerará aprobada a materia do curso anterior.

Os alumnos terán que adquirir e realizar os **traballos de reforzo** proporcionados polas profesoras e terán que entregalos nas datas que lles sexan indicadas. Xunto cos traballos de reforzo, ós alumnos se lles proporcionarán os contidos mínimos lingüísticos avaliábeis e outros aspectos a avaliar.

No caso de que haxa alumnos que non superen a materia deste xeito, terán que facer as probas para alumnos pendentes correspondentes aos cursos non superados . A maiores da convocatoria de maio e a extraordinaria de setembro, o Departamento ofrécelles aos alumnos a posibilidade de presentarse a **unha proba global da materia en xaneiro**, que si se supera suporá a superación da materia pendente nese momento. A nota obtida nestas probas suporá o 80% da cualificación. O 20% restante repártese como sigue: constará da nota obtida polos alumnos nos TRABALLOS DE REFORZO propostos polo profesorado(10%) e tamén incluírá o esforzo e traballo persoal na materia nas clases do curso actual (10%).

As probas de **SETEMBRO** constarán dos mesmos contidos que en maio e só se terá en conta a nota dos exames.